



NOTA ACLARATORIA 1/2015

Data: 16/04/2015

Asunto: Nota aclaratoria da Instrución complementaria á Instrución do 16 de xullo de 2002, sobre a tramitación das indemnización por razón do servizo.

Unha vez ditada á Instrución de 18/02/2015, sobre a tramitación das indemnizacións por razón do servizo, compre aclarar e concretar algúns conceptos, en orde unha correcta desagregación dos gastos conforme coa súa natureza económica.

1.- Teses de doutoramento: 233.03

Solicitarase a apertura das aplicacións axeitadas á tipoloxía de gastos que corresponda (axudas de custo e gastos de viaxe). Os subconceptos son:

233.03.01 Axudas de custo tribunais teses doutoramento.

233.03.02 Gastos de viaxe tribunais teses doutoramento.

2.- Indemnizacións por razón de servizo do “Programa o teu futuro en boas mans” (orgánica: 03 00 03 00 02), do Vicerreitorado de Estudantes, Deportes e Cultura

Unha vez recibida a transferencia do VEDC solicitarase a apertura das aplicacións axeitadas a tipoloxía de gastos que corresponda (axudas de custo/aloxamento e gastos de viaxe), imputándose aos subconceptos que se establecen para o capítulo II, de acordo co colectivo de persoal da UDC ao que pertenza cada comisionado.

Cara a futuros exercicios os gastos deste programa estarán identificados nun orgánica específica.

3.- convenios e contratos

Neste caso a desagregación en subconceptos específicos efectuarase soamente no caso de que a normativa reguladora da axuda requira ter identificados a distinta tipoloxía de gastos de:

- 640.00.10 Gastos de viaxe convenios e contratos
- 640.00.11 Gastos de aloxamento convenios e contratos
- 640.00.12 Gastos de manutención convenios e contratos

4.- Fondos de investigación de Departamentos e grupos de investigación con financiamento propio (649.00)

Cando con cargo a estes créditos se tramiten expedientes de gasto de indemnización por razón de servizo, será necesario a apertura das aplicacións económicas específicas axeitadas a tipoloxía de gastos que corresponda:



- 649.00.10 Gastos de viaxe fondos de investigación
- 649.00.11 Gastos de aloxamento fondos de investigación
- 649.00.12 Gastos de manutención aloxamento fondos de investigación

5.- Indemnización por razón de servizo financiadas con cargo a proxectos de investigación estatais, autonómicos e europeos

Ademais do indicado no apartado 2º da Instrución de 18/02/2015, deberá procederse a cumprimentar en Universitat XXI *un xustificante de gasto por cada tipoloxía de gasto (viaxe, aloxamento e manutención), indicando na descrición:*

- 649.02.10 - gastos de viaxe: medio de transporte, itinerario, número de km*0.19*2 (caso de ida e volta)=importe
- 649.02.11 - gastos de aloxamento: importe unitario aloxamento*número días=importe
- 649.02.12 - gastos de manutención: importe unitario manutención*número días=importe

6.- Axudas do Vicerreitorado de Estudantes, Deportes e Cultura (03 00), para viaxes de estudos

Cando como consecuencia destas viaxes se xeneren dietas se imputarán á económica que corresponda. As viaxes colectivas continuarán imputándose á económica: 226.09.01 "Viaxes formación alumnado".

7.- Facturas de axencias de viaxes

Pola prestación dos seus servizos as axencias de viaxes poden cobrar unha contía en concepto de "gastos de xestión". As contías facturadas por este concepto imputaranse a unha económica específica, seguindo o seguinte criterio:

- Indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo ao capítulo II. Os gastos de xestión imputaranse ao subconcepto: 227.99 "Traballos realizados por outras empresas e profesionais. Outros traballos".
- Indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo ao capítulo VI. Os gastos de xestión financiaranse con cargo aos fondos de investigación do grupo (fondos propios da UDC).

8.- Tramitación transitoria para os expedientes de gasto afectados por esta Nota

Tal e como se indica na Instrución de 18/2/2015, no caso de expedientes de gasto iniciados antes da publicación destas aclaracións deberán efectuarse as redistribucións necesarias para que a imputación do expediente económico se efectúe de acordo cos criterios establecidos nesta Nota aclaratoria.



Para a tramitación dos gastos, os responsables da tramitación económica ou o NAE solicitará a apertura das económicas que se indican nesta nota aclaratoria vinculadas, en cada caso, a orgánica e funcional que corresponda.

Como norma xeral, á hora de formalizar os gastos recollidos nesta nota aclaratoria e na Instrución de 18/02/2015, debe terse en conta o regulado en relación as indemnización en razón de servizo na normativa da UDC, na normativa de aplicación, estatal e autonómica (Decreto 144/2001, de 7 de xuño -DOGA 25/06/2011-, Resolución de 29/12/2005 -DOGA de 30/12/2005-, Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo -BOE, de 30/05/2002-). As indemnizacións por razón de servizo financiadas con cargo a proxectos de investigación adecuaranse ademais a normativa de aplicación en materia de subvencións e as bases e instrucións reguladoras de cada axuda.

Co fin de facilitar a xestión desta tipoloxía de gastos, estase traballando na elaboración dun texto consolidado que recolla a totalidade da normativa interna da UDC en materia de indemnizacións por razón de servizo.

A Coruña, 16 de abril de 2015

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada